

**ACTA****PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 3/2021****SESION EXTRAORDINARIA DO 1 DE FEBREIRO DE 2022****ORDE DO DÍA**

ÚNICO.- Proposta de Resolución “Nova Autoestrada Vigo-Porriño”. Doc. 220019974. (Rexistro Pleno 3276/1101).

**ASISTENTES****POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**

Caballero Álvarez Abél Ramón  
 Aguiar Castro Yolanda  
 Aneiros Pereira Jaime (R)  
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores (R)  
 Caride Estévez María José  
 Espinosa Mangana Elena  
 Estévez Rodríguez Pablo Luis (R)  
 Fernández Pérez José Manuel (R)  
 Gómez Díaz Gorka  
 Iglesias González Ana Laura (R)  
 Lago Barreiro María del Carmen  
 López Font Carlos  
 Losada Alvarez Abel Fermín  
 Mejías Sacaluga Ana Maria (R)  
 Pardo Espiñeira Francisco Javier  
 Rivas González Ángel  
 Rodríguez Calviño Patricia (R)  
 Rodríguez Díaz Santos Héctor (R)  
 Rodríguez Rodríguez Nuria  
 Silva Rego M<sup>a</sup> Carmen

**POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

Egerique Mosquera Teresa  
 González Castillo Jesús Marco  
 López Román Patricia  
 Marnotes González José Alfonso  
 (Abandonan o Salón de Plenos antes da votación)

**POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO**

Méndez Fuentes Oriana (R)  
 Pérez Correa Ruben

**MEMBRO NON ADSCRITO**

Pérez Igrexas Xabier (abandona o Salón de Plenos ás 9,18 h.)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dous minutos do día un de febreiro de dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/03/2022 10:30

Páxina 1 de 7

Expediente/Documento 3312-1101

CSV: ABA2A4-5A3753-4DBDCE-WC568D-9SBDD1-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

**ÚNICO.(21).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN “NOVA AUTOESTRADA VIGO-PORRIÑO”. DOC. 220019974. (REXISTRO PLENO 3276/1101).**

ANTECEDENTES: Con data 27 de xaneiro de 2022, a Alcaldía-Presidencia emite a seguinte proposta de resolución,

“Exposición de motivos:

Vigo ven sufrindo decisións políticas tomadas pola Xunta e o seu presidente, o Sr. Núñez Feijóo que de maneira reiterada discriminan aos nosos cidadáns e que non desenvolven as accións que o maior cidade de Galicia demanda, necesita, e o que é mais importante, lle corresponden.

Vigo ven sufrindo dende o ano 2009 por parte da Xunta de Galicia situacións absolutamente intolerables por discriminatorias.

1. O expolo da Caixa de Aforros, obrigada a entrar nunha fusión desenvolvida para salvar Caixa Galicia, que nos custou aos contribuíntes case 9.000 millóns de euros, acabou coa obra social vinculada a antiga Caixa.
2. O único hospital de Galicia construído por un sistema de colaboración público-privada que deixa a infraestrutura en mans privadas durante 30 anos e que obriga a Xunta a pagarlle 70 millóns de euros ao ano.
3. O ataque ao aeroporto de Vigo, subvencionando liñas no aeroporto de Lavacolla. Especialmente grave foi a subvención a liña a París, unha liña que dende Vigo prestaba Air France en condicións de libre mercado, e que ante a subvención da liña Santiago-París por parte da Xunta deixou de prestarse. Foi a teoría de Feijóo de Galicia cun "aeroporto único" que tiña como obxectivo último o peche do aeroporto de Vigo.
4. A oposición pola vía dos feitos de Feijóo a conexión en AVE directo dende Vigo a Ourense por Cerdedo, que permitiría corrixir a discriminatoria decisión dos gobernos central e autonómico do Partido Popular de desenvolver a liña de AVE Madrid-Ourense-Santiago-Coruña, deixando fora do trazado a Vigo, a maior cidade de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:30	Páxina 2 de 7
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: ABA2A4-5A3753-4DBDCE-WC568D-9SBDD1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

5. O intento por parte do goberno da Xunta de concentrar as infraestruturas xudiciais na cidade de Pontevedra, forzando a desaparición do partido xudicial de Vigo para garantir o servizo aos cidadáns.

6. Os atrancos, disfrazados de cuestións técnicas, que a Xunta de Galicia está poñendo fronte a decisión xa tomada polo goberno de España para construír en Vigo a Biblioteca do Estado.

A estas e outras accións, engádesse nos últimos días, un feito absolutamente inédito na política española en todo o período democrático, un presidente autonómico que lle pide ao goberno de España que non faga unha infraestrutura viaria imprescindible.

Como é coñecido, a autovía A-52 (Benavente-Vigo) non completou a construción da autovía de Porriño a Vigo, xa que remata na localidade de Porriño, a 15 km. da cidade de Vigo. En Porriño conecta coa autovía A-55 (Vigo-Portugal).

Quedan pendentes polo tanto os últimos 15 quilómetros. Trátase dun tramo con sección de autovía con dobre carril separado con mediana e accesos restrinxidos sen cruces a nivel, construída sobre a estrada antiga.

Trátase, xa que logo, dunha vía deficitaria e saturada na súa capacidade. Presenta unha alta concentración de accidentes, cunha elevadísima intensidade de tráfico (máis de 66.000 vehículos/día en 2019) e cunha limitación de velocidade entre 60 e 80 km./hora. Con radios moi reducidos e fortes pendentes, superiores ao 7%, froito da duplicación nos anos 80 da estrada N-120.

Ante esta situación o goberno de España considerou imprescindible acometer o remate da autovía A-52 coa construción do tramo pendente entre Porriño e Vigo en túnel.

- Proposta do Sr. Feijoo.

O día 21 de xaneiro deste ano, sorprendentemente o Sr. Feijóo plantexou a Ministra de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana unha proposta encamiñada a rexeitar a construción da prolongación da A-52 dende Porriño a Vigo que contempla esta nova vía en túnel.

A insólita proposta do presidente da Xunta é deter este proxecto por parte do Ministerio non construír a autovía en túnel e substituíla pola supresión da peaxe da AP-9 entre o Alto de Puxeiros (Vigo) e Porriño.

A intolerable proposta do Sr. Feijóo presenta graves problemas:

1. O tramo Vigo-Alto de Puxeiros mantense exclusivamente pola actual A-55. Neste tramo atópanse varias infraestruturas xeradoras dun elevado tráfico, o Hospital do Meixoeiro, o Parque Comercial do Meixoeiro, diversos centros educativos e diversas instalacións de carácter socio-sanitario.

2. A alternativa da AP-9 proposta por Feijóo supón tres interseccións entre vías de alta capacidade cas limitacións que isto significa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:30	Páxina 3 de 7
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: ABA2A4-5A3753-4DBDCE-WC568D-9SBDD1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 2.1. Conexión A-55 coa AP-9 no alto de Puxeiros.
- 2.2. Saída da AP-9, con cabinas de peaxe.
- 2.3. Vial de conexión de 1,2 quilómetros e nova conexión coa A-55 en Porriño-Sur.
- 2.4. Conexión da A-55 coa A-52 en Porriño-Centro.

3. Esta proposta supón desandar o camiño e facer un percorrido mais longo en quilómetros co trazado actual, mais lento o tardar mais tempo que a alternativa actual pola A-55, mais complexo xa que temos que circular por una autoestrada, un vial de servizo, una autovía e tres enlaces para poder incorporarnos a A-52

4. A prolongación da A-52 entre Porriño e Vigo, proxectada polo Ministerio de Transportes supón en torno aos 10 quilómetros, mentres que a proposta do Sr. Feijóo pase a supoñer 23,7 quilómetros.

- Situación actual do proxecto do remate da A-52 (tramo Porriño-Vigo) no túnel.

A obra prevista, dunha lonxitude aproximada de 10 quilómetros, daría continuidade ao itinerario da autovía A-52 que actualmente descorre entre Benavente e Porriño, permitindo a súa culminación hasta Vigo, descorrendo en túnel baixo o alto de Puxeiros, cunhas características e parámetros de trazado mais homoxéneos.

Pendente da realización dun novo trámite ambiental, o seu trazado en túnel permite diversificar os tráfico que conflúen na Avenida de Madrid segundo a súa procedencia:

a) En primeiro lugar un tráfico de proximidade que seguirá utilizando o actual trazado da A-55, principalmente en relación co termo municipal de Mos e as áreas de actividade nel implantadas.

b) En segundo lugar un tráfico de orixe máis metropolitano e rexional, que utilizará o novo trazado ao configurarse como remate da autovía A-52, permitindo a súa chegada a Vigo. Neste caso os tráfico de comunicación Porto de Vigo-Vigo-Ourense-Madrid canalizaranse por este novo eixo; o tempo que constituirá o principal eixo de comunicación entre a PLISAN-PTL-Zona Franca Balaídos e Porto de Vigo.

En relación ao novo trámite ambiental a Revisión do Plan Xeral de ordenación Municipal fai unha proposta de trazado para os efectos da súa avaliación, que permite unha menor afectación ao ámbito do río Eifonso, considerado espazo natural de interese local.

Proposta de trazado que o Ministerio de Fomento ven de incorporar as alternativas da tramitación ambiental dada a menor afectación ambiental desta proposta.

O Ministerio de Transportes prevé someter proximamente a información pública e remitir para declaración de impacto ambiental o tramo pendente da A-52 entre Vigo e Porriño.

Obxectivos do proxecto do remate da A-52 (tramo Porriño-Vigo) no túnel.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:30	Páxina 4 de 7
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: ABA2A4-5A3753-4DBDCE-WC568D-9SBDD1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- \* Mellora das condicións de seguridade viaria, evitando el paso ao tráfico de penetración a cidade de Vigo dende Ourense, Madrid e Portugal polo actual trazado da A-55.
- \* Mellora das condicións de comunicación da cidade de Vigo cos polígonos industriais de As Gándaras e A Granxa en Porriño e coa PLISAN en Salvaterra-As Neves.
- \* Mellora da accesibilidade xeral, promocionando a cohesión económica e social a longo prazo e mellorando a economía e o emprego a curto prazo.
- \* Desconxestionará a ruta actual mellorando os niveis de servizo e os niveis de seguridade dos usuarios actuais e futuros que circulen pola mesma.
- \* A mellora da rede de comunicación na área de influencia mellora os tempos de viaxe, reducindo polo tanto o tempo invertido polos usuarios.
- \* Produce una mellora ambiental ao optimizar a configuración da infraestrutura, permitindo una conducción mais eficiente e menor contaminación ambiental.
- \* Mellora a eficiencia e competitividade da rede global de transporte e contribúe a un desenvolvemento económico equilibrado que reforce a cohesión territorial e a accesibilidade.

A vista deste intolerable agravio que significa a proposta do presidente Feijóo que deixaría a Vigo sen autovía, esta Alcaldía propón ao Pleno a seguinte proposta de resolución:

Primeiro.- Ao presidente Feijóo:

- 1.- Que rectifique inmediatamente a súa proposta, aceptando o proxecto do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que propón como alternativa a construción do tramo pendente da A-52 (Porriño-Vigo) en túnel.
- 2.- Que pida desculpas a cidadanía de Vigo pola súa proposta, claramente lesiva para os intereses da cidade.
- 3.- Que apoie publicamente ao goberno de España no seu compromiso da construción do tramo pendente da A-52 (Porriño-Vigo).

Segundo.- Ao Ministerio de Transportes:

Solicitar a liberación da peaxe do tramo da AP-9 (Puxeiros-Porriño) en tanto non se constrúa a autovía en túnel.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. No transcurso do debate o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, abandona o Salón de Plenos.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:30	Páxina 5 de 7
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: ABA2A4-5A3753-4DBDCE-WC568D-9SBDD1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Incidencia. Antes da votación os membros do grupo municipal do Partido Popular abandonan o salón de Plenos.*

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO.

Aprobar a Resolución con nº de Rexistro Pleno 3276/1101, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario febreiro  
Legislatura: Mandato 2019-2023  
Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Martes, 1 de Febrero de 2022 09:01:42  
Fecha Fin : Martes, 1 de Febrero de 2022 09:59:45  
Duración : 00:58:03

- HTML

[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3160](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3160)

- Media (MASTER)

[1] Windows Media Video WMV1/WMA2 1280x720 16:9 (Stereo), 777 MiB

SHA512 -  
c1986e80cc833a78eb7fc1f992a3d0cc3866469b07dc361d7bad5da51871596263ef41e  
979297def65e737b90923de1090aede60b859b4a3b1d93b7fa3300205

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Mejías Sacaluga, Ana María; Silva Rego, Carmela; Caballero Álvarez, Abel; Escariz, Alberto; Riesgo, José; Chantada Abollo, Rosa; Espinosa Mangana, Elena; Lopéz Font, Carlos; Losada Álvarez, Abel; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gómez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, María Eugenia; Lago Barreiro, María del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo Luis; Pardo Espiñeira, Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, José Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Ángel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Marnotes González, José Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Marco González Castillo,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:30	Páxina 6 de 7
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: ABA2A4-5A3753-4DBDCE-WC568D-9SBDD1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Jesús; López Román, Patricia; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Igrexas, Xabier;

00:00:23 : Proposta de Resolución Nova Autoestrada Vigo-Porriño. Doc. 220019974. (Rexistro Pleno 3276/1101).  
 00:00:34 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:11:57 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:15:34 - Abandona el pleno Pérez Iglesias, Xabier  
 00:15:34 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:15:36 - Pérez Correa, Rubén  
 00:25:43 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:25:48 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 00:35:53 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:55:57 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:56:02 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 00:56:12 - Caballero Álvarez, Abel  
 00:56:46 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 00:56:53 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 00:56:54 - Abandonan el pleno Marnotes González, José Alfonso; Egeríque Mosquera, Teresa; Marco González Castillo, Jesús; López Román, Patricia  
 00:56:56 - Votación [9:58:38]  
 00:58:03 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás dez horas redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 3/2022, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2022.  
 am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/03/2022 10:30	Páxina 7 de 7
Expediente/Documento 3312-1101	CSV: ABA2A4-5A3753-4DBDCE-WC568D-9SBDD1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		